

# **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **“ACHÉGATE AO GALEGO NIVEL 1”**

### **0. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**

O curso *Achégate ao galego nivel I* está dirixido a persoas de dentro e fóra de Galicia con coñecementos básicos do idioma, que procuran consolidar e mellorar a súa formación en lingua galega e acadar un nivel de usuario competente, capaz de participar con relativa seguridade, adecuación, eficacia e corrección, nun amplo repertorio de situacións comunicativas propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

A finalidade primordial das nosas aulas consiste en dotar os alumnos das ferramentas básicas para poder perfeccionar as súas habilidades comunicativas en galego, de maneira que non só formen frases gramaticalmente correctas, senón que principalmente teñan a capacidade de interactuar con outros falantes, utilizando actos de fala apropiados para cada contexto lingüístico.

### **1. OBXECTIVOS.**

#### **1.1 Obxectivos xerais:**

Os obxectivos xerais correspóndense cos estándares definidos para o nivel B1 do *Marco europeo de referencia para as linguas*, e foron adaptados, no esencial, ás competencias traballadas nos cursos Celga 2, tendo en conta as limitacións temporais do noso curso.

A programación aplicada e o contido curricular seguen as directrices establecidas na Orde do 16 de xullo de 2007, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 146, do 30 de xullo de 2007.

#### **1.2 Obxectivos específicos:**

Ao completar o curso, o alumno posuirá un dominio da lingua que lle permita participar con relativa seguridade e eficacia en distintas situacións de comunicación cotiá, do traballo e do estudo,

que requiran un uso da lingua fundamentalmente previsible; facendo un emprego correcto das estruturas morfosintácticas básicas da lingua e do vocabulario asociado a cada contexto de comunicación.

Estes obxectivos concréntanse para cada unha das catro destrezas lingüísticas básicas:

#### *Comprensión oral*

- Identificar as intencións comunicativas e as ideas principais de intervencións, discusións e indicacións emitidas de forma clara, en rexistros formais ou informais.
- Extraer a información esencial de avisos, exposicións, textos informativos ou doutro material retransmitido ou gravado, que trate sobre temas xerais pronunciados con lentitude e claridade.
- Comprender o suficiente para participar, sen preparación previa, en conversacións que versen sobre temas cotiáns.

#### *Comprensión escrita*

- Comprender escritos breves, relativos ás áreas profesionais ou académicas, aínda que con certas dificultades de carácter esporádico.
- Comprender, interpretar e identificar información en textos relacionados coa vida cotiá, que informen sobre acontecementos, transmitan opinións, desexos ou ordes: a carta dun restaurante, prospectos de medicamentos, folletos turísticos, formularios administrativos....
- Identificar as intencións comunicativas, as ideas significativas e os detalles máis relevantes dun texto e diferenciar os rexistros formais ou informais.

#### *Expresión oral*

- Participar e reaccionar de forma adecuada e eficaz na maioría das situacións frecuentes, cumprindo coas intencións comunicativas propias de cada contexto.
- Realizar presentacións, descricións e narracións sinxelas, pero coherentes e organizadas, sobre una variedade de temas coñecidos, utilizando un repertorio lingüístico amplo e cohesionado.
- Transmitir información emitida por outros e relacionala mediante a expresión da causa, da consecuencia, da condición e da finalidade,

- Desenvolverse de xeito satisfactorio e cun ritmo fluído en intercambios sociais habituais: solicitar información, reservar aloxamento, informarse sobre prezos e realizar compras, realizar xestións bancarias, facer unha reclamación...

### *Expresión escrita*

- Ser capaz de expresarse en situacións habituais con certa fluidez e de forma adecuada, sacando partido dun repertorio lingüístico sinxelo, pero amplo.
- Producir textos cohesionados sobre unha serie de temas cotiáns, enlazando distintos elementos breves nunha secuencia lineal.
- Redactar documentos breves relacionados coa área profesional ou escribir cartas dirixidas a institucións ou entidades.
- Redactar notas, postais e cartas persoais que poden incluír a descrición de persoas e espazos, o relato de acontecementos ou a expresión de opinións.

## **2. METODOLOXÍA**

Para a consecución dos devanditos obxectivos, empregaremos unha metodoloxía funcional focalizada nos procedementos, que reduza a distancia entre coñecemento e habilidade a través da práctica constante. Xa que logo, as clases terán un carácter eminentemente práctico, baseado nun uso comunicativo e expresivo da lingua, no traballo individual e colectivo e na atención personalizada.

Mediante a inmersión lingüística e a exposición directa dentro da aula a un uso auténtico do idioma, tomaremos consciencia de que saber comunicarse en galego é útil en circunstancias reais e en diferentes contextos e episodios da nosa vida diaria.

En consonancia con este uso vivo e dinámico da lingua, levaremos a cabo actividades orais, valéndonos de textos e imaxes que sirvan de elementos provocadores que procuren a interacción; exporemos discursos a partir duns guións previos, adaptando a linguaxe ao contexto comunicativo, realizaremos conversas simuladas sobre asuntos de actualidade, debates informais sobre temas de interese para o alumnado, etc.

No tocante á competencia escrita, traballaremos con textos e documentos moi variados que

contextualicen os contidos lingüísticos e comunicativos, fronte aos que os alumnos desenvolverán, fundamentalmente, actividades de comprensión. Nun segundo estadio, dirixiremos a produción de textos escritos de diversa tipoloxía, que integren a información recollida e as opinións e os puntos de vista propios, respondendo a unha situación comunicativa real proposta de antemán.

### 3. CONTIDOS

Os contidos que se irán introducindo para acadar os obxectivos específicos nas diferentes destrezas están especificados nas seguintes unidades didácticas:

#### Unidade 1: O meu corpo.

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Redactar a descrición física dunha persoa.</li> <li>✓ Elaborar unha guía para vivir máis de 100 anos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Comparar hábitos relacionados coa saúde.</li> <li>✓ Explicar os síntomas dunha enfermidade.</li> <li>✓ Pedir e ofrecer recomendacións e consellos.</li> <li>✓ Preguntar e responder sobre o estado físico e anímico.</li> <li>✓ Ofrecer axuda, aceptala e rexeitala.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Flexión de xénero e número de substantivos e adxectivos: casos particulares.</li> <li>✓ Acento diacrítico.</li> <li>✓ Conectores de inicio, explicación, reformulación e conclusión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Características físicas.</li> <li>✓ Partes do corpo.</li> <li>✓ Vocabulario relacionado coa saúde.</li> <li>✓ Necesidades corporais (sono, fame, canzazo, frío...)</li> </ul>

#### Unidade 2: Que curriño que é!

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Describir o carácter dunha persoa e o seu estado de ánimo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Utilizar adecuadamente os pronomes tónicos.</li> <li>✓ Describir o noso carácter.</li> <li>✓ Detallar os distintos estados de ánimo.</li> <li>✓ Expresar sentimentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ O pronome persoal tónico: formas libres e ligadas.</li> <li>✓ Usos especiais dos posesivos.</li> <li>✓ Preposicións e locucións prepositivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Carácter e estados de ánimo.</li> <li>✓ As relacións persoais: familia, amigos, veciños e compañeiros de traballo.</li> </ul>

Unidade 3: Así somos, así eramos.

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Falar de recordos importantes.</li> <li>✓ Contar unha historia a partir de fotografías.</li> <li>✓ Relatar un suceso do pasado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Falar dunha acción en proceso.</li> <li>✓ Presentar unha acción como un proceso rematado.</li> <li>✓ Relatar accións e circunstancias pasadas.</li> <li>✓ Relacionar feitos no tempo.</li> <li>✓ Expresar emocións.</li> <li>✓ Expresar consellos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Formación, usos e valores dos tempos de indicativo e subxuntivo.</li> <li>✓ O uso do pretérito e do copretérito.</li> <li>✓ Correlación temporal na oración.</li> <li>✓ Uso de mecanismos de cohesión.</li> <li>✓ Preposicións e locucións prepositivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Acontecementos históricos máis relevantes.</li> </ul>

Unidade 4: E que me poño hoxe?

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Representar un diálogo nunha tenda de roupa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Expresar ordes e recomendacións.</li> <li>✓ Referirse adecuadamente ás persoas do discurso.</li> <li>✓ Desenvolverse en situacións da vida cotiá.</li> <li>✓ Expresar gustos e afeccións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ O pronome persoal átono: formas e contraccións.</li> <li>✓ O imperativo afirmativo e negativo.</li> <li>✓ O infinitivo conxugado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Roupa e maneiras de vestir.</li> </ul>

Unidade 5: Praia ou montaña?

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Describir unha paisaxe.</li> <li>✓ Falar sobre o estado do tempo.</li> <li>✓ Falar sobre os cambios que houbo nun lugar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Describir lugares.</li> <li>✓ Comentar cuestións relativas ao medio natural.</li> <li>✓ Falar do clima.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ O pronome persoal átono: posición en oracións simples, compostas e dependentes (I)</li> <li>✓ Formas e usos de verbos con alternancia (I).</li> <li>✓ Expresións de desexo, dúbida e hipótese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ A ecoloxía e medio ambiente.</li> <li>✓ O medio natural.</li> <li>✓ O tempo meteorolóxico.</li> </ul>

### Unidade 6: Lacón con grelos

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Elaborar un menú.</li> <li>✓ Redactar unha receita real ou inventada.</li> <li>✓ Facer a compra semanal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desenvolverse nun restaurante.</li> <li>✓ Falar de gustos e preferencias.</li> <li>✓ Pedir e dar opinión.</li> <li>✓ Debater sobre os diferentes costumes e hábitos de alimentación.</li> <li>✓ Dar recomendacións para comer san.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ O pronome persoal átono: posición en oracións dependentes (II).</li> <li>✓ Formas e usos de verbos con alternancia (II).</li> <li>✓ Adverbios e locucións adverbiais de modo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Alimentación e bebidas.</li> <li>✓ Gastronomía típica.</li> <li>✓ As dietas.</li> </ul>

### Unidade 7: De compras

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Buscar agasallos para algunhas persoas.</li> <li>✓ Presentar unha queixa ou unha reclamación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Valorar produtos e prezos.</li> <li>✓ Desenvolverse en diferentes establecementos comerciais.</li> <li>✓ Protestar e reclamar por un servizo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ O pronome persoal átono: distribución dativo / acusativo.</li> <li>✓ Formas e usos dos verbos irregulares (I).</li> <li>✓ Adverbios e locucións adverbiais e cantidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Establecementos comerciais.</li> <li>✓ Moeda e formas de pagamento.</li> <li>✓ Formas, cores, materiais, tamaños.</li> </ul>

### Unidade 8: Traballar para vivir, non vivir para traballar.

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Responder a unha oferta de emprego.</li> <li>✓ Inventar a biografía dun candidato ideal para un posto de traballo ideal.</li> <li>✓ Representar unha entrevista de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Opinar sobre as vantaxes e as desvantaxes de diversas profesións.</li> <li>✓ Falar do inicio e da duración dunha acción.</li> <li>✓ Expresar adecuadamente o tempo.</li> <li>✓ Referirse a cuestións cotiás como o traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Algunhas perífrases verbais: <i>volver+infinitivo, empezar+inf, acabar/deixar de+inf, levar/seguir+xerundio.</i></li> <li>✓ Os pronomes reflexivos e a expresión da impersonalidade (se, 3ª persoa, pasiva).</li> <li>✓ Formas e usos dos verbos irregulares(II).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ O mundo académico.</li> <li>✓ O mercado laboral.</li> <li>✓ Estudos e profesións.</li> <li>✓ Habilidades e aptitudes.</li> <li>✓ Calidades e defectos.</li> </ul>

Unidade 9: O espectáculo debe continuar.

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Resumir o argumento dunha película.</li> <li>✓ Redactar unha crítica sobre unha obra de teatro.</li> <li>✓ Retransmitir un acontecemento deportivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Relatar en presente.</li> <li>✓ Buscar a conformidade do oínte.</li> <li>✓ Expresar o lugar adecuadamente.</li> <li>✓ Desenvolverse en situacións cotiás referidas á cultura e aos espectáculos.</li> <li>✓ Distinguir entre o resumo do argumento dunha película e a súa valoración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ O pronome de solidariedade.</li> <li>✓ Formas e usos dos verbos irregulares (III).</li> <li>✓ Adverbios e locucións adverbiais de lugar.</li> <li>✓ Algúns conectores para relatar.</li> <li>✓ Combinación dos tempos de pasado nun relato (pretérito/copretérito/antepretérito)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Cultura e espectáculos.</li> <li>✓ Xogos e deportes.</li> <li>✓ Xéneros musicais.</li> </ul>

Unidade 10. A era dixital.

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Describir condicións de vida no pasado.</li> <li>✓ Comparar a situación actual coa de anos atrás antes da aparición dos ordenadores.</li> <li>✓ Imaxinar como será o mundo dentro duns anos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Establecer comparacións.</li> <li>✓ Desenvolverse en situacións cotiás referidas ao mundo da informática.</li> <li>✓ Falar de accións e situacións futuras.</li> <li>✓ Formular hipóteses.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Posición e gradación do adxectivo; a comparación.</li> <li>✓ Formas e usos dos verbos irregulares (IV).</li> <li>✓ Valores e usos especiais dos demostrativos.</li> <li>✓ O futuro e o condicional.</li> <li>✓ Formas de subxuntivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ As novas tecnoloxías.</li> <li>✓ Grandes inventos.</li> </ul>

Unidade 11: Cousas da casa.

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Identificar e describir obxectos e aparellos en relación coa súa utilidade e funcionamento.</li> <li>✓ Facer comparacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Expresar o futuro, a obriga e a hipótese mediante perífrases verbais.</li> <li>✓ Coñecer e utilizar expresións fixadas de uso frecuente.</li> <li>✓ Desenvolverse en situacións cotiás referidas ao fogar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Perífrases verbais temporais e modais.</li> <li>✓ Colocación do pronome átono nos complexos verbais.</li> <li>✓ Uso dos signos de puntuación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Obxectos de uso cotián.</li> <li>✓ A casa</li> <li>✓ O mobiliario.</li> </ul>

## Unidade 12: Tempo de lecer.

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Redactar un plan para o tempo de lecer.</li> <li>✓ Elixir entre varias ofertas para as vacacións e planificalas en grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Expresar os distintos matices do aspecto mediante perífrases verbais.</li> <li>✓ Manifestar preferencias.</li> <li>✓ Chegar a un acordo.</li> <li>✓ Pedir información sobre datas, horarios e servizos.</li> <li>✓ Reservar aloxamento.</li> <li>✓ Convidar; aceptar e rexeitar invitacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Perífrases verbais aspectuais.</li> <li>✓ Conxuncións coordinantes e subordinantes máis usuais.</li> <li>✓ Locucións e frases feitas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Lecer e tempo libre.</li> <li>✓ Tipos de aloxamento.</li> <li>✓ Medios de transporte.</li> <li>✓ Festas e tradicións.</li> <li>✓ Expresións de frecuencia.</li> </ul>

### 4. RECURSOS

Ademais da utilización do manual *Aula de Galego 2* como texto de apoio, poremos á disposición do alumnado materiais auténticos de distinta natureza e procedentes de diferentes fontes (revistas, catálogos, formularios, xornais, folletos publicitarios...), para representar na aula a maior diversidade posible de situacións comunicativas.

Doutra banda, traballaremos aproveitando os recursos audiovisuais ao noso alcance e desenvolvendo unha serie de actividades de dinámica variada e unha ampla selección de exercicios, que posibiliten a autocorrección.

Finalmente, á parte de guiar os alumnos no proceso de adquisición de destrezas, procuraremos espertar a súa curiosidade e motivalos cara a unha aprendizaxe autónoma, mediante o uso das novas tecnoloxías. Neste sentido, Internet ofrécenos motivadoras ferramentas educativas para experimentar coa lingua que permiten a consulta e o reforzo dos contidos, e que nos conducen a unha porta, permanentemente aberta ao contacto co galego, fóra das fronteiras físicas e temporais que forzosamente limitan calquera curso presencial.



## **5. AVALIACIÓN**

A partir dunha avaliación inicial que permita diagnosticar o punto de partida do traballo e valorar os coñecementos previos dos alumnos, realizaremos unha avaliación continua e progresiva comparando as novas tarefas coas anteriores, para medir os progresos do grupo en xeral e a evolución da aprendizaxe de cada alumno en particular.

Valoraremos o traballo realizado na aula e fóra dela, a consecución dos obxectivos establecidos e a motivación e a participación nas actividades propostas. Alternaremos a corrección escrita das actividades, de xeito que o alumnado poida facer unha revisión daquilo que necesita mellorar, coa corrección oral en común con todo o grupo, potenciando deste modo a participación, a cohesión do grupo e o uso oral da lingua.

Así mesmo, recorreremos á autoavaliación, que permitirá aos alumnos non só ser máis conscientes dos seus “erros” para poder rectificalos, senón que os fará conscientes da importancia da avaliación en todo proceso de ensino-aprendizaxe.